



BOP

LUNS, 29 DE XULLO DE 2019

N.º 172

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 16 de xullo de 2019 da xefatura territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica LMT, CT E RBT Os Queimós no concello de Guitiriz. (Expediente 01/2018-AT)

Con data 8 de maio de 2019, a xefatura territorial de Lugo da consellería de Economía Emprego e Industria ditou resolución pola que se concelle á empresa UFD Distribución Eléctrica S.A. autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto para a ocupación, da instalación eléctrica "LMT, CT e RBT Queimós", no concello de Guitiriz (Exp. 01/2018AT)

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 de 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou a adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a todas as persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se inclúe como anexo á presente resolución e que tamén se publica no taboleiro de anuncios do concello de Guitiriz, deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" de 12 de decembro de 2018 e no Diario Oficial de Galicia de 12 de decembro de 2018 para que comparezan no concello de Guitiriz, sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación. Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na que se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Guitiriz, estará exposta a data do levantamento de actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por persoa debidamente autorizada, aportando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírtese a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento de actas previas, para os únicos efectos de emendar os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Lugo, 16 de xullo de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

Anexo

Nº de predio	Parcela				Propietario	Afección			
	Datos catastrais		Paraxe	Cultivo	Nome e Apelidos Enderezo	Apoio		Voo	
	Políg.	Parc.				Nº	Superficie (m2)	Lonxitude (m)	Superficie (m2)
2	109	38	Quinto de dentro	Eucaliptal	José Miragaya Sánchez	1	10	42	672
4	109	35	Quinto de dentro	Monte Baixo	José Antonio Prieto Rodríguez			6	96
5	109	34	Quinto de dentro	Monte Baixo	Dorinda García Rodríguez			6	96
6	109	33	Quinto de dentro	Prado	Raúl Acción Méndez			51	816
11	109	22	Bazabana	Piñeiral	José Miragaya Sánchez			30	480
14	110	202	Fenlle	Prado	José Antonio Prieto Rodríguez			5	72
15	110	201	Fenlle	Prado	Raúl Acción Méndez			12	170
20	110	177	Fenlle	Prado	José Antonio Prieto Rodríguez				25
21	110	173	Fenlle	Prado	Raúl Acción Méndez			27	378
24	110	172	Regovilar	Carballeira	Dorinda García Rodríguez				8
25	110	170	Regovilar	Piñeiral e carballo	Raúl Acción Méndez	5	2	113	1800
26	110	169	Pena de Bos	Prado	Dorinda García Rodríguez	6	2	36	576
27	110	169	Pena de Bos	Prado	José Antonio Prieto Rodríguez			40	640
30	110	163	Areal	Carballeira	Raúl Acción Méndez				215
46	111	260	A Cruz	Prado	Hros. de Jesús García Díaz			13	197

R. 2277

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por medio da presente se informa que o Pleno da Corporación, en sesión organizativa extraordinaria celebrada o día 25 de xuño de 2019, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1. ASISTENCIAS A SESIONS

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións do Pleno da Corporación pola cuantía de 60 euros por sesión. Non serán acumulativas de celebrarse na mesma xornada distintas sesións plenarias.

2. INDEMNIZACIONES POR GASTOS OCASIONADOS EN EJERCICIO DO CARGO

2.1. Aprobar o réxime de indemnización por GASTOS DE VIAXE, por kilometraxe para os gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo dos membros da Corporación, aplicándose a cantidade de 0,19 euros/km para automóviles referido ó uso de vehículo particular, máis os gastos efectivamente ocasionados polo pago de peaxes e parking.

Os presentes gastos xustificaranse mediante a presentación da correspondente declaración responsable que indicará, como mínimo: concelleiro, lugar de orixe, lugar de destino, hora e día de saída, hora e día de regreso, número de kilómetros percorridos co vehículo particular (ida e volta), xestión realizada (contido e organismo), adxuntando, no seu caso, os correspondentes recibos de parking e peaxes, e poidendo adxuntar canta documentación xustifique a realización da xestión (por exemplo, exemplar da convocatoria) como acreditativa da súa realización (por exemplo, noticia en prensa).

Caso de traslado en taxi, aboarase a factura que, en cada caso, se emita e fora previamente abonada polo Concelleiro e así quede acreditado.

Non se establece indemnización por kilometraxe pola realización de xestións dentro do término municipal .

2.2 Aprobar o réxime de indemnizacións por gastos de MANUTENCION E ALOXAMENTO efectivamente ocasionados polo ós Sr. Concelleiros, quedando establecida como segue:

- Dieta por manutención simple (comida e/ou cea): Por cada comisión de servizo ou desprazamento fora do término municipal por razón do cargo, con saída do núcleo urbano de Alfoz antes das trece (13:00) horas e regreso despois das dezasete (17:00) , e/ou saída despois das dezasete (17:00) horas e regreso despois das veintitrés horas(23:00) , a cantidade máxima de cincuenta euros (50,00 €) .

A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración responsable na que se indique, como mínimo: Concelleiro, lugar de orixe, lugar de destino, hora e día de saída , hora e día de regreso, xestión realizada (contido e organismo) , adxuntando, en todo caso, orixinal da factura nominativa emitida polo establecemento de hostelería con xustificante do seu pagamento.

Únicamente será obxecto de abono a cantidade efectivamente abonada e así acreditada, hasta a cantidade máxima de 50 euros por comisión de servizo. No caso de que a factura teña un maior importe, será por conta do Concelleiro a diferenza.

- Dieta por aloxamento: Cando a comisión de servizos teña unha duración superior a 24 horas que conleve a obriga de pernocta fóra do termo municipal en establecemento hosteleiro, se establece a cantidade máxima de 200 euros por noite. (200,00 euros).

A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración responsable a modo de conta xustificativa referida no anterior apartado, á que deberá de incorporarse documentación xustificativa do gasto do aloxamento , en todo caso, factura nominativa a cargo do concelleiro correspondente así como xustificación do seu abono , e que poden vir acompañadas de tanta documentación xustifique a realización da xestión (por exemplo, exemplar da convocatoria)como acreditativa da súa realización (por exemplo, noticia en prensa).

2.3.Prestar aprobación ao modelo de declaración responsable ou conta xustificativa aplicable ao réxime indemnizatorio aprobado.

“DECLARACION RESPONSABLE

CONTA DE GASTOS XUSTIFICATIVA

Nome, apelidos e cargo:

1. Que no exercicio do meu cargo realicei unha comisión de servizo fora do Concello de Alfoz , con dereito a indemnización, que a continuación se describe:

2. Descripción da Comisión:

3. Reunión en _____

4. con _____

5. para tratar de asuntos_____.

De	A	Km	Dieta
Alfoz			
Ida dia	Ida hora	Volta dia	Volta hora
Dd/mm/aaaa	Hh:mm	Dd/mm/aaaa	Hh:mm

6. Que aos efectos de proceder ao seu abono, presento a seguinte conta de gastos:

Gastos de locomoción	Km: xxx x 0.19€/km	= Xx,xx euros
Dieta	Tipo	Importe
Outros gastos:	Tipo _ Peaxe _ Parking _ Taxi	Importe
TOTAL		

7. Documentación Anexa:

* Factura n.º : _____ emitida por _____ en data _____ por importe de _____ .

* Xustificación de abono da factura:

- Xustificante cargo tarxeta bancaria
- Xustificante pagamento por transferencia bancaria.
- Lenda na factura de "pagado" .

* Tiquet parking/peaxe.

* Convocatoria, citación ou invitación, outros....

* Publicidade, certificado de asistencia, outros...

E para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración responsable en Alfoz, a ___ de ___ de 201___.
Asdo: _____."

3 MODIFICACION BASES EXECUCION ORZAMENTO 2019.

Se acorda a modificación da Base de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2019 n.º 28.1, que queda redactada como segue:

" 1. As indemnizacións por dietas de manutención e aloxamento e as indemnizacións por gastos de viaxe dos membros da corporación serán as adoptadas polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de xuño de 2019:

5.1.1 Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións do Pleno da Corporación pola cuantía de 60 euros por sesión. Non serán acumulativas de celebrarse na mesma xornada distintas sesións plenarias.

5.1.2.- Aprobar o réxime de indemnización por GASTOS DE VIAXE , por kilometraxe para os gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo dos membros da Corporación , aplicándose a cantidade de 0,19 euros/km para automóviles referido ó uso de vehículo particular, máis os gastos efectivamente ocasionados polo pago de peaxes e parking.

Os presentes gastos xustificaranse mediante a presentación da correspondente declaración responsable que indicará , como mínimo: concelleiro, lugar de orixe, lugar de destino, hora e día de saída , hora e día de regreso, número de kilómetros percorridos co vehículo particular (ida e volta), xestión realizada (contido e organismo) , adxuntando, no seu caso, os correspondentes recibos de parking e peaxes, e poidendo adxuntar canta documentación xustifique a realización da xestión (por exemplo, exemplar da convocatoria) como acreditativa da súa realización (por exemplo, noticia en prensa).

Caso de traslado en taxi, aboarase a factura que, en cada caso, se emita e fora previamente abonada polo Concelleiro e así quede acreditado.

Non se establece indemnización por kilometraxe pola realización de xestións dentro do término municipal .

5.1.3.- Aprobar o réxime de indemnizacións por gastos de MANUTENCION E ALOXAMENTO efectivamente ocasionados polo ós Sr. Concelleiros, quedando establecida como segue:

- Dieta por manutención simple (comida e/ou cea): Por cada comisión de servizo ou desprazamento fora do término municipal por razón do cargo, con saída do núcleo urbano de Alfoz antes das trece (13:00) horas e regreso despois das dezasete (17:00) , e/ou saída despois das dezasete (17:00) horas e regreso despois das veintitrés horas (23:00) , a cantidade máxima de cincuenta euros (50,00 €) .

A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración responsable na que se indique, como mínimo: Concelleiro, lugar de orixe, lugar de destino, hora e día de saída, hora e día de regreso, xestión realizada (contido e organismo) , adxuntando, en todo caso, orixinal da factura nominativa emitida polo establecemento de hostelería con xustificante do seu pagamento.

Únicamente será obxecto de abono a cantidade efectivamente abonada e así acreditada, hasta a cantidade máxima de 50 euros por comisión de servizo. No caso de que a factura teña un maior importe, será por conta do Concelleiro a diferenza.

- Dieta por aloxamento: Cando a comisión de servizos teña unha duración superior a 24 horas que conleve a obriga de pernocta fóra do termo municipal en establecemento hosteleiro, se establece a cantidade máxima de 200 euros por noite. (200,00 euros).

A xustificación do referido gasto efectuarase mediante declaración responsable a modo de conta xustificativa referida no anterior apartado, á que deberá de incorporarse documentación xustificativa do gasto do aloxamento , en todo caso, factura nominativa a cargo do concelleiro correspondente así como xustificación do seu abono , e que poden vir acompañadas de canta documentación xustifique a realización da xestión (por exemplo, exemplar da convocatoria) como acreditativa da súa realización (por exemplo, noticia en prensa).

Acordar a modificación da Base de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2019 n.º 31 que queda redactada como segue:

Base 31ª.- Asistencias dos membros da Corporación

1. A.- Todos os concelleiros, agás aqueles que perciban retribucións por dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais, nos termos acordados polo Pleno da Corporación en sesión de 25 de xuño de 2019, ou acordo plenario posterior que o substitúa.

A acreditación da asistencia aos órganos colexiados será expedida polo secretario do órgano correspondente.

Publíquese a modificación das Bases de Execución do Orzamento n.º 28 e 31 no Boletín oficial da Provincia de Lugo o presente acordo durante o prazo de quince días hábiles, , durante os cuales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O citado acordo de modificación se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá do prazo de un mes para resolvelas.

Que se publique en o Boletín Oficial da Provincia de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia.

4.- RÉXIME DE RETRIBUCIONS DOS MEMBROS CORPORATIVOS.

PRIMEIRO. *Aprobar que o cargo de Primeiro/a Teniente de Alcalde e Delegado/a de Servizos Sociais, Igualdade , Turismo e Atención ao veciño realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva polos motivos expostos, cunha porcentaxe de xornada do 100% (40 horas semanais), debendo ter una presenza efectiva mínima no Concello coincidente co horario de atención ao público, compretando o resto da xornada polas tardes ou ben os fins de semana, engadidas tarefas representativas.*

SEGUNDO.- *Establecer a favor do membro da Corporación que desempeñe o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva unha retribución anual bruta de 21.000 euros, (vinteun mil euros) , que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro (a devengar dende o día primeiro do semestre anterior correspondente) , cos conseguintes prorrateos por días naturais , no seu caso , por mor de aceptación do cargo en réxime retribuído e cese no mesmo , e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.*

O recoñecemento e devengo das retribucións quedará condicionado á aceptación do réxime de dedicación polo/a titular do cargo e á dispoñibilidade de crédito nas partidas , iniciándose ao día seguinte de producirse a mesma.

A percepción destas retribucións levará inherente o exercicio das funcións asignadas ao posto e unha presenza mínima no Concello segundo o indicado, sendo compatible co exercicio de outras actividades retribuídas, públicas e privadas, nos termos previstos polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en concordancia co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración Pública.

TERCEIRO - *De conformidade co indicado no artigo 75.2 da Lei 7/1985, RBRL, se dará de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social polo concepto de concelleiro en réxime de dedicación exclusiva, asumindo a Corporación a cuota empresarial que corresponda.*

CUARTO.- *O presente acordo será publicado no Boletín oficial da Provincia de Lugo e no taboeiro de edictos da Corporación “.*

Alfoz, 17 de xullo de 2019.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2278

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira (Lugo) o 21 de xuño do 2019 dictou a Resolución que de seguido se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Tendo en conta que segundo o disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local , 35 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , e 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia os Teniente de Alcalde son órganos existentes en tódolos concellos ,de conformidade coas atribucións que me conceden os artigos 23 da antedita Lei 7/1985 ,62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigos 46 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro , polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais **RESOLVO:**

1.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello ós concelleiros que de seguido se relacionan e pola orde que se indica:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Miguel Ángel Fernández González.

Segundo Tenente de Alcalde: D^a Encarnación Valiño Lombardero

Terceiro Tenente de Alcalde: D. Alberto Núñez Fernández.

2.- Nomear ós devanditos concelleiros, así mesmo, membros da Xunta de Goberno Local para o caso de que sexa creada pola Corporación Municipal en Pleno da que, do mesmo xeito, formaría parte esta Alcaldía como Presidente da mesma.

3.- Dar conta da presente Resolución á Corporación Municipal en Pleno.

4.- Notifíquese ós devanditos concelleiros e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello para os efectos oportunos.

Baleira, xuño do 2019.O AlcaldeAsdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López. “

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira o 25 de xuño do 2019, dictou a seguinte resolución,rectificada en canto ó segundo apelido do concelleiro delegado mediante Resolución do 27 de xuño do 2019:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Vistas as facultades que me confire a lexislación actualmente vixente e así os artigos 23 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia e 43 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

RESOLVO:

- Delega-las atribucións que me confire a normativa vixente nas materias que se indican no primeiro teniente de alcalde

DELEGACIÓNS XENÉRICAS:

CONCELLEIRO: D. Miguel Ángel Fernández González.-DELEGACIÓNS: Obras e Servicios

A delegación nas anteditas materias faise sen prexuízo das competencias que se lle atribúan á Xunta de Goberno Local e as indelegables que lle correspondan a esta Alcaldía. Comprenderá toda-las facultades de dirección, xestión e, cando o considere oportuno, proposta a esta Alcaldía sen que ,en ningún caso ,supoñan actos administrativos de carácter resolutorio.

Dar conta da presente Resolución á Corporación Municipal en Pleno.

Notifíquese a presente resolución ó mencionado concelleiro e publíquese no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para os efectos oportunos.

Baleira, xuño do 2019.O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López. “

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira (Lugo) o 15 de xullo do 2019 dictou a Resolución que de seguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

RESOLVO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que de seguido se indican:

Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o plantel aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno.

O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Baleira, xullo do 2019O ALCALDE Asdo: Angel Enrique Martínez-Puga López. “

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor dos sete concelleiros asistentes dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Segundo a lexislación actualmente vixente existe a posibilidade da creación da Xunta de Goberno Local en municipios de menos de 5.000 habitantes por acordo da Corporación Municipal, aínda que non con carácter obrigatorio, de conformidade co disposto nos artigos 20 e 23 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

A existencia do devandito órgano pode ser de gran utilidade para os intereses municipais, por canto a gran diversidade de servizos e asuntos municipais serán mellor xestionados coa garantía que sempre supón que a decisión corresponda a un órgano colexiado.

Á vista de canto antecede **propóñolle á Corporación Municipal en Pleno** a adopción do seguinte acordo:

A creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira, como órgano colexiado a constituir para este novo mandato Corporativo consecuencia das eleccións celebradas o 26 de maio do 2019, coa composición, funcións e competencias que se conteñen nos anteditos artigos e as que lles sexan delegadas polos órganos do Concello.

De conformidade co disposto nos artigos 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia , 46 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro ,de crearse a Xunta de Goberno as sesións ordinarias celebraranse o primeiro e terceiro mércores de cada mes ás 10:00 horas. Se coincidira festivo celebraránse o mércores da semana seguinte á mesma hora. No caso de coincidencia no mesmo día de sesión plenaria e da Xunta de Goberno Local a sesión desta celebraráse ás 12:00 horas.

Baleira, xuño do 2019. O AlcaldeAsdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López. “

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor de catro concelleiros dos sete asistentes ,dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

Tendo en conta o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e ós efectos dunha maior axilidade administrativa na tramitación dos asuntos municipais

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

Que se deleguen na Xunta de Goberno Local, no caso da súa creación, as seguintes atribucións da Corporación Municipal en Pleno:

O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

A declaración de lesividade dos actos do Concello.

As competencias que como órgano de contratación lle corresponden ó pleno segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que non requiran unha maioría cualificada.

A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non esteñan previstos nos orzamentos.

As concesións sobre bens e adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e enaxenación do patrimonio cando sexa competencia do pleno e non se requira maioría cualificada.

2º.- Publica-lo presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de

Edictos do Concello.

Baleira, xuño do 2019.O AlcaldeAsdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López. “

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor de catro concelleiros dos sete asistentes ,dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

Ante a necesidade de fixa-la periodicidade das sesións plenarias ordinarias para este novo mandato corporativo iniciado como consecuencia das eleccións locais do 26 de maio do 2019 e constitución da nova corporación municipal o 15 de xuño do 2019 , e tendo en conta o disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia que dispón que o pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

A celebración das sesións plenarias ordinarias cada dous meses.

A realización das mesmas nas datas e horas que de seguido se indican:

O primeiro mércores dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro ás trece horas a excepción de que o día sinalado fose festivo, caso no que se celebraría o seguinte mércores hábil á mesma hora.

Baleira, xuño do 2019.O AlcaldeAsdo.: Angel Enrique Martínez-Puga López.”

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor dos sete concelleiros asistentes ,dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.-COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Tendo en conta a renovación da Corporación Municipal do Concello Baleira , Lugo, como consecuencia das eleccións celebradas o 26 de maio do 2019 e considerando que segundo os artigos 59.2 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, 20 e 116 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e 127 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a Comisión Especial de Contas existirá en tódolos Concellos, de conformidade co disposto nos artigos 66 da Lei 5/1997, do 22 de xullo e 123 a 127 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

Que se proceda á creación da Comisión Especial de Contas do Concello de Baleira na que estarán representados, segundo o disposto nos anteriores artigos, tódolos grupos políticos cun número proporcional ó da súa representatividade no Concello.

Os membros da devandita Comisión serán os que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación mediante escrito do seu voceiro dirixido ó Sr. Alcalde podéndose designar un suplente por cada titular, e será presidente o Alcalde do Concello ou quen legalmente o substitúa sendo a composición, para os efectos de garda-la proporcionalidade dos grupos políticos no Pleno, a que de seguido se indica:

Dous membros da Corporación do Grupo Popular -

Un membro da Corporación do Grupo PS de G -PSOE de Baleira.

Corresponderánlle á Comisión Especial de Contas as competencias que lle atribúe a normativa vixente.

Baleira, xuño do 2019. O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.”

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor de catro concelleiros dos sete asistentes ,dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTATE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO COLEXIO PÚBLICO CONCEPCIÓN LÓPEZ REY DE O CÁDAVO.

Tendo en conta a participación deste Concello no Consello Escolar do Colexio Público C.E.I.P. Concepción López Rey de O Cádavo

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

Nomear como representante da Corporación no mencionado Consello á concelleira D^a Encarnación Valiño Lombardero.

Baleira, de xuño do 2019.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.”

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor de catro concelleiros dos sete asistentes ,dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTATE DO CONCELLO NO CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Tendo en conta que este Concello forma parte do Consorcio Galego de Servicios da Igualdade e Benestar , ante a renovación da Corporación Municipal deste Concello de Baleira (Lugo) , consecuencia das eleccións do 26 de maio do 2019, propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo: -

Nomear como representante da Corporación no mencionado Consorcio a D. Alberto Núñez Fernández.

Baleira, de xuño do 2019. O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López. "

A Corporación Municipal do Concello de Baleira na sesión plenaria extraordinaria do 10 de xullo do 2019 adoptou o acordo proposto pola Alcaldía que de seguido se transcribe co voto a favor de catro concelleiros dos sete asistentes ,dos nove que compoñen o número legal de membros da Corporación :

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ASISTENCIAS POR CONCURRENCIA A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS E INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO CARGO.

Tendo en conta o regulado no artigo 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e visto o informe de Secretaría-Intervención do 05 de xullo do 2019

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

Fixar as seguintes contías en concepto de asistencia a órganos colexiados que serán satisfeitas ós concelleiros que formen parte dos mesmos que non teñan dedicación parcial nin exclusiva , compensación por desprazamento en vehículo particular por razón do cargo e indemnización por gastos efectivos ocasionados polo exercicio do cargo e derivados da realización de xestións fora do termo municipal :

100,00 euros por asistencia a cada sesión do Pleno da Corporación.

70,00 euros por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local ou da Comisión Especial de Contas.

Compensación por desprazamento en vehículo particular por razón do cargo: 0,19 euros por kilómetro. No caso de que coincidan dúas sesións no mesmo día tan só se cobrarán desprazamentos por unha. -

Indemnización por gastos efectivos ocasionados polo exercicio do cargo, derivados da realización de xestións fóra do termo municipal na cantidade de 90,00 euros correspondente a media dieta e a contía de 180,00 euros correspondente á dieta enteira.

Darlle publicidade ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello de conformidade co disposto na lexislación actualmente vixente.

Baleira, xullo do 2019. O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López."

R. 2279

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 17/07/2019, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 2º Trimestre 2019 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 18/07/2019 ata o 17/09/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 18 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2280

COSPEITO*Anuncio*

Polo Sr. Alcalde do Concello de Cospeito ditouse Resolución en data 10/07/2019 e 15/07/2019 de delegacións especiais de Alcaldía en Concelleiros para cometidos específicos, que literalmente se transcribe.

Dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**DELEGACIÓNS ESPECIAIS DE ALCALDIA EN CONCELEIROS, PARA COMETIDOS ESPECÍFICOS**

D. Armando Castosa Alvariño, Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Considerando o disposto no artigo 21, 23 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación có artigo 43 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

PRIMEIRO. - Outorgar as delegacións especiais relativas ós servizos que se indican aos seguintes concelleiros, entendendo que en aplicación do artigo 43.5, b) do RD 2568/1986 de 28 de novembro, a delegación especial relativa a un determinado servizo comprende a dirección interna, e xestión do servizo correspondente, pero sen capacidade resolutiva mediante actos administrativos que afecten a terceiros, e sobre as que, en todo caso, se exclúen da delegación as facultades de autorización, disposición de gasto, recoñecementos de obrigas e a de ordenación de pagamentos derivados das xestións dos servizos encomendados:

A Don Álvaro Puente Seijas.

Obras e infraestructuras xerai

Parques e xardíns

Protección Civil

Xuventude

Medio Ambiente

Medio Rural

Coordinación con Asociacións Veciñais

A Don Daniel Paz Carballeira

Industria

Comercio

Emprego

Feiras e mercados

Deportes

A D.ª Natividad Miguélez Castro

Urbanismo

Ordenación do territorio

Turismo

A D.ª Rocío García Corbelle.

Educación

Cultura

Menores e atención á infancia

Muller e Política de Igualdade

A Don Iván Méndez Flores

Economía e Facenda

Servizos Sociais

Atención á terceira idade

SEGUNDO. - Dar conta ao Pleno da Corporación da presente Resolución na primeira sesión que se celebre, notificar ós interesados para a aceptación expresa das delegacións encomendadas, ou tácita no seu caso, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, todo iso sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación polos interesados.

TERCEIRO. - Quedan derogados os Decretos así como calquera outra resolución que se opoña ao contido da presente resolución.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño en Cospeito, na data que figura á marxe do documento; do que, como Secretario, dou fe.

Cospeito, 18 de xullo de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño

R. 2281

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 15 de xullo de 2019, acordouse aprobar a determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno e a delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local que de seguido se relacionan e no sentido literal que se transcribe:

“1.- Constituída a nova Corporación, en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2019 como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio, procede determinar o réxime de celebración das sesións ordinarias do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A estes efectos, o artigo 46.2. a) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de Abril, establece que O Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada mes nos Concellos de municipios de máis de 20.000 habitantes e nas Diputacións Provinciais; cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes; e cada tres nos municipios de ata 5.000 habitantes.

Considerando o establecido no artigo 210.2).a) da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses.

Por canto antecede e en aras a facilitar a participación dos distintos grupos da Corporación neste órgano colexiado para o exercicio das súas funcións e, fundamentalmente, podendo -ao longo desta lexislatura- volver a superar esa cifra.

2.- Considerando que de conformidade co disposto no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo referenciado. Asimismo atendendo as atribucións encomendadas ó Pleno establecidas no artigo 23 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril

Considerando o establecido no artigo 64.5) da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1997.

Visto que a tenor do regulado no artigo 51.2) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o acordo plenario polo que se produza a delegación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no "Boletín Oficial" da Provincia.

Esta Alcaldía, co fin de axilizar a tramitación e dar unha maior operatividade á actuación municipal, propón ao Pleno desta Corporación que adopte acordo no sentido de delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros; isto é:

1.- O exercicio de accións administrativas e xudiciais, así como a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

2.-A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.-A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.

5.-As demais que expresamente confiran as leis.

Así como as do artigo 23 do Texto Refundido de réxime local, seguintes:

-A regulación do aproveitamento dos bens comunais nos termos previstos na lexislación aplicable.

-A defensa nos procedementos incoados contra o Concello.

-O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación presupostaria, operacións de crédito ou concesión de quita e espera.

Así como as recollidas na Disposición Adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, encomendadas ó Pleno da corporación que se consideran delegables na Xunta de Goberno Local, isto é:

- As competencias en materia de contratación non expresamente atribuídas ó Alcalde e Presidentes das Entidades Locais conforme ó establecido no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Así mesmo, deléganse as competencias en materia de adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e da adxudicación de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non esté atribuída directamente á Alcaldía que se asumirá por delegación do Pleno e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.

Visto canto antecede, por esta Alcaldía propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Establecer que o Pleno do Concello celebrará sesión ordinaria no Salón de Sesións da Casa Consistorial o último xoves de cada mes impar, a partir do mes de setembro do ano en curso, ás dezasete horas, en primeira convocatoria, e dous días naturais despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

SEGUNDO: Facultar ao Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a variar a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día e hora de celebración nun intervalo máximo de oito días, ata aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente a aquel, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO: Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións que se indican no artigo 22 sendo delegables conforme o indicado no apartado 4º, e que exclúen as enunciadas no número 2), letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no número 3) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime

Local. Delegación que comprenderá todas as facultades, incluída a de adopción de acordos que afecten a terceiros; isto é:

1.- *O exercicio de accións administrativas e xudiciais, así como a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.*

2.-*A declaración de lesividade dos actos do Concello.*

3.- *A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.*

4.-*A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos.*

5.-*As demais que expresamente confiran as leis.*

Así como as do artigo 23 do Texto Refundido de réxime local, seguintes:

-A regulación do aproveitamento dos bens comunais nos termos previstos na lexislación aplicable.

-A defensa nos procedementos incoados contra o Concello, que se delegue no alcalde presidente do concello.

-O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación presupostaria, operacións de crédito ou concesión de quita e espera.

Así como as recollidas na Disposición Adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, encomendadas ó Pleno da corporación que se consideran delegables na Xunta de Goberno Local, isto é:

- As competencias en materia de contratación non expresamente atribuídas ó Alcalde e Presidentes das Entidades Locais conforme ó establecido no apartado 1 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Así mesmo, deléganse as competencias en materia de adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e da adxudicación de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non esté atribuída directamente á Alcaldía que se asumirá por delegación do Pleno e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Estas competencias serán, no seu caso aceptadas polo órgano a quen se encomenda, e se publicará no Boletín oficial da Provincia de acordo co artigo 51 do ROF e se insertará no Taboleiro de anuncios do concello.

CUARTO: *Notificar o presente acordo aos Concelleiros afectados e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia."*

Cospeito, 17 de xullo de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 2282

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 15 de xullo de 2019, aprobouse nomear aos representantes da Corporación en órganos colexiados que de seguido se relacionan e no sentido literal que se transcribe:

PRIMEIRO: *Designar como representantes do concello de Cospeito en órganos colexiados, ós seguintes concelleiros:*

- MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS TERRA CHA (2)
- Don Armando Castosa Alvaríño
- Dona Natividad Miguélez Castro
- ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO COMARCAL DA TERRA CHÁ (1)
- Don Armando Castosa Alvaríño
- CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO PÚBLICO DE ENSINANZA DE MUIMENTA E FEIRA DO MONTE (2)
- CEIP Muimenta: Don Daniel Paz Carballeira
- CPI Virxe do Monte: Dona Natividad Miguélez Castro
- MESA LOCAL DE COMERCIO:
- Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.
- Concelleiro de Economía e Facenda, Servizos Sociais e Atención á terceira idade
- Representante da Asociación de comerciantes "Nueva Generación" de Feira do Monte

- Representante da Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta.
- Representante da Consellería de Economía e Industria
- Secretario, con voz pero sen voto: A Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Cospeito

SEGUNDO: Publicar íntegramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios de esta Entidade, así como comunicar ós órganos colegiados afectados os representantes municipais nomeados”.

Cospeito, 17 de xullo de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 2283

Anuncio

Polo Pleno da Corporación do Concello de Cospeito, en sesión celebrada, con carácter extraordinario, o día 15 de xullo de 2019, aprobáronse as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación no sentido literal que se transcribe:

“A) ADICACIÓNS PARCIAIS. ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS. INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS DE VIAXE

Dando cumprimento ó establecido no artigo 21, 22 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se somete a seguinte proposta de acordo para resolución polo Pleno do concello de Cospeito, órgano competente:

De conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril os membros das corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con adicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. Terase en conta a este respecto o establecido para os cargos corporativos na Lei 37/2006 de 7 de decembro.

Estas retribucións serán incompatibles coas de outras retribucións con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo de outras actividades nos termos da Lei 53/1984 de 26 de decembro.

Asimesmo, os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con adicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenrolar responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de adicación efectiva ás mesmas, en cuio caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas de elas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa adicación parcial as súas funcións fora da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, segundo a Lei 53/1984 de 26 de decembro.

Asimesmo, so os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas.

Ámbolos dous supostos de indemnizacións e asistencias segundo o establecido no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, de aplicación.

Visto o informe de Intervención emitido en data 10 de xullo de 2019.

PRIMEIRO: Aprobar a adicación parcial ás responsabilidades de goberno que lle encomende ou delegue o alcalde ó cargo de concelleiro de Obras e infraestructuras xerais, Parques e xardíns, Protección Civil, Xuventude, Medio Ambiente, Medio Rural e Coordinación con Asociacións Veciñais do concello de Cospeito, cunhas retribucións brutas anuais de 24.000,00 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día 1 de xuño e o día 1 de decembro de cada ano) e nos que se inclúen os costes de seguridade social que correspondente á adicación asignada. Os efectos deste acordo produciranse o día no que o concelleiro acepte as responsabilidades ou delegacións que lle confira o alcalde.

Que a adicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións sexa: un tercio da xornada.

SEGUNDO: Aprobar a adicación parcial ás responsabilidades de goberno que lle encomende ou delegue o alcalde ó cargo de concelleiro de Industria, Comercio, Emprego, Feiras e mercados e Deportes e segundo tenente de alcalde do concello de Cospeito, cunhas retribucións brutas anuais de 14.175,00 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual (doce ordinarias e dúas extraordinarias, que se devengarán o día 1 de xuño e o día 1

de decembro de cada ano), e nos que se inclúen os costes de seguridade social que correspondente á adicación asignada. Os efectos deste acordo produciranse o día no que o concelleiro acepte as responsabilidades ou delegacións que lle confira o alcalde.

Que a adicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións sexa: un tercio da xornada.

TERCEIRO: Que as asistencias efectivas ós órganos colexiados do concello de Cospeito dos concelleiros que non teñan adicación exclusiva ou parcial, se determinen nas seguintes cantidades por asistencia e membro:

- Por asistencia a Plenos: 120.00 euros, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais.
- Por asistencia a Xunta de goberno local: 120.00 euros.
- Por asistencia a Comisiones Informativas: 80.00 euros, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais ás que se asista efectivamente.

CUARTO: Que as indemnizacións a percibir polos membros desta corporación por gastos de viaxe por uso de vehículo particular en comisión de servizo sexa a cantidade de 0.19 euros/kilómetro conforme ó establecido no RD 462/2002 de 24 de maio.

Que para as indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo no territorio nacional, e en concepto de dietas serán de aplicación as cantidades establecidas no RD 462/2002 de 24 de maio, por asimilación para os membros corporativos municipais có Grupo 1 do Anexo I.

A xustificación das dietas, indemnizacións e gastos de viaxe por uso de vehículo particular se fará de acordo co establecido no RD 462/2002 de 24 de maio.

QUINTO: Publicar íntegramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Edictos desta Entidade.

BI ADICACIÓN EXCLUSIVA DA ALCALDÍA.

Visto o resultado das eleccións locais do día 26 de maio de 2019.

Constituída a nova Corporación, en sesión celebrada o día 15 de xuño de 2019, na que foi investido Alcalde-presidente D. Armando Castosa Alvariño, exercendo as súas funcións dende esa data.

Tendo en conta que os membros das Corporacións Locais teñen una serie de dereitos económicos, entre os que destaca o seu dereito a percibir retribucións fixas na súa contía e periódicas no seu deveseño, cando exerzan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

De conformidade co establecido no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e visto o informe emitido pola Intervención municipal en data 10/07/2019.

PRIMEIRO: Aprobar unha adicación exclusiva ao cargo de Alcalde do Concello de Cospeito, fixando un tempo mínimo de adicación de 37 horas e media semanais, podendo realizar o desempeño das funcións tanto dentro do Concello como fóra do mesmo.

SEGUNDO: Aprobar unhas retribucións de 42.000 euros anuais coa correspondente alta na Seguridade Social asumindo o Concello as cotas correspondentes.

TERCEIRO: Outorgarlle a este acordo eficacia retroactiva a 15 de xuño de 2019.

Cospeito, 17 de xullo de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 2284

FRIOL

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e nove de abril do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao segundo trimestre do ano 2019:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o vinte e dous de agosto e o vinte e dous de outubro de dous mil dezanove, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de setembro de dous mil dezanove, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 22 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 2304

MURAS

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e logo de proceder o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local.

Visto que corresponde ó alcalde designar libremente aos tenentes de alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

Vistos os artigos artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear como Tenentes de Alcalde do Concello de Muras aos seguintes Concelleiros:

- 1º Teniente Alcalde: dona Belén Chao Ramil
- 2º Teniente Alcalde: don Mario Rouco Rey

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia*

para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 0 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018)

R. 2285

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto que este Concello está a organizar a Feira anual do Poldro en A Gañidoira, destinada principalmente á promoción da gandería autóctona, e visto que o desenvolvemento do evento afecta a intereses familiares da Alcaldía.

Visto o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réximen Xurídico do Sector Público, artigo 76 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, e artigos 21 e 22 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

De conformidade co establecido no artigo 21.3 e 23.4 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, en relación co artigo 61.3 e 4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO.-Delegar en dona Belén Chao Ramil, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa organización, execución e todo o relacionado co desenvolvemento da Feira do Poldro do ano 2019 no lugar da Gañidora.

SEGUNDO.-A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.-O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO.-A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente si non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO.-A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo..

SEXTO.-No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

SÉTIMO.- Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interporse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no termo de dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, si considerao conveniente.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 17 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

R. 2286

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das entidades locais dispón que ás delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde-presidente se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das Resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réximen local.

O artigo 45 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dispón que as delegacións que se pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estructure os servizos do Concello.

O Concello de Muras non dispón de Regulamento orgánico, polo que en uso das facultades de dirección do goberno e a administración municipal atribuída ao alcalde polos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 31.2 do ROF, corresponde á Alcaldía, a falta de Regulamento orgánico municipal, crear as áreas nas que se estruturará o goberno local.

No uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e que corresponden cas seguintes actividades:

1. AREA DE BENESTAR SOCIAL, MULLER E IGUALDADE

Correspóndelle a esta area a xestión de programas dos servizos sociais municipais, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, atención á terceira idade, axuda no fogar, muller, familia e igualdade, voluntariado e seguemento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras.

2. AREA DE CULTURA, ENSINO E PATRIMONIO

No eido da Cultura e do Ensino correspóndelle a xestión das políticas municipais de cultura, lingua e ensino: programación de actividades culturais de todo tipo, infraestructuras culturais, programas de educación complementaria.

En materia de Patrimonio, correspóndelle a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal, patrimonio histórico, adquisición de bens por expropiación forzosa, agás nos casos das expropiacións urbanísticas.

3. AREA DE MEDIO RURAL, MEDIO AMBIENTE, NOVAS TECNOLOXIAS E DEPORTE

No eido do medio rural correspóndelle a recuperación do agro como valor engadido para a cidade potenciando a integración administrativa e social do agro na vida do concello e a posta en valor do rural como fronte de riqueza, así como a reinversión do concello no mundo rural para axeitar os servizos ós estándares urbanos.

Correspóndelle o asesoramento á poboación rural e intermedia fronte a empresas e administración e a posta en valor dos elementos arquitectónicos e naturais do rural e a promoción entre a poboación urbana e os turistas: cruceiros, sendas verdes, etc.

No eido de Medio Ambiente, correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente: sensibilización e fomento da conciencia medioambiental, políticas transversais de sostibilidade ambiental, planificación de espazos públicos e redifinición dos espazos públicos existentes; e os expedientes administrativos relacionados con este área.

No eido das novas tecnoloxías, correspóndelle a xestión das políticas municipais tendentes á súa implantación completa ás esixencias das novas leis de procedemento e achega aos veciños, as plataformas de tramitación electrónica, a sede electrónica municipal, impulso do uso da administración electrónica e implementación das TIC de xeito transversal.

No eido do deporte, ocupación do tempo libre e xuventude, correspóndelle a xestión das políticas municipais de programación de actividades e infraestruturas deportivas de ocio e para a mocidade, participación xuvenil, planificación e promoción da ocupación do tempo libre da xuventude.

4. AREA DE PRESIDENCIA, PROMOCIÓN ECONÓMICA, OBRAS E URBANISMO, VIVENDA, PERSOAL, FACENDA E MOBILIDADE E SERVIZOS MUNICIPAIS

No eido do desenvolvemento económico, correspóndelle a esta área a xestión de plans de formación doutras administracións públicas, programas de cooperación en materia de emprego doutras administracións, a xestión das políticas municipais tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local, as políticas municipais en materia de industria, turismo e promoción dos valores turísticos do Concello, a fixación dos obxectivos para a promoción de actividades económicas do Concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas.

No eido das Infraestruturas, correspóndelle a esta área o seguemento da execución dos diferentes plans de obras, xa sexan autonómicos ou provinciais, e dos plans de investimentos nas parroquias do Concello, incluída a mobilidade e seguridade viaria da rede municipal.

Esta área comprende, no eido do Urbanismo, a xestión urbanística; a execución de planeamento; expropiacións por razóns de urbanismo, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais, licenzas urbanísticas de todo tipo, comunicacións previas, licenzas para o exercicio de actividades e comunicacións previas de actividade, expedientes de disciplina urbanística.

En materia de Participación Veciñal, correspóndelle a política de información ao cidadá.

No eido dos Servizos Municipais, correspóndelle a esta área, o mantemento dos servizos básicos municipais de iluminación pública, abastecemento de auga e saneamento, acometidas, recollida de residuos sólidos urbanos. Inclúese o mantemento e conservación de vías públicas

No eido das obras públicas, correspóndelle a esta área o seguemento das obras públicas municipais, dos investimentos en conservación de edificios e equipamentos públicos, mesmo planificación dos pequenos investimentos nas materias indicadas; tamén no eido dos equipamentos públicos, as competencias municipais en materia de praias, cemiterios, parques e xardíns e parque empresarial. Tamén correspóndenlle as competencias en materia de limpeza viaria, roces, e limpeza de edificios públicos.

No eido de Réxime interior e Persoal, a xestión dos recursos humanos do Concello, os aspectos relativos á organización do Concello, métodos de traballo e instrucións correspondentes, agás as relacións cos representantes dos empregados públicos e Mesa xeral de negociación.

No eido da seguridade, correspóndelle a xestión da seguridade cidadá.

Correspóndelle a área de Presidencia a coordinación das diferentes áreas municipais.

En concreto intégranse na área de Presidencia, no eido de Persoal, as relacións cos representantes dos empregados públicos e a presidencia da Mesa xeral de negociación, oferta de emprego público.

No eido do Urbanismo, conserva esta área as competencias en materia de planeamento relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, incluída a súa redacción.

En materia de Contratación, esta área asume a xestión dos procedementos de contratación do Concello.

No eido da Transparencia, correspóndelle a actualización dos datos contidos no Portal de Transparencia do Concello de Muras e da páxina web municipal.

En materia de Facenda, ocuparase esta área, en materia de gastos, da xestión orzamentaria do concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financeira da Administración; en materia de ingresos, recursos económicos do concello, xestión tributaria e de recadación, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e estadística

Correspóndelle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.

SEGUNDO.-Corresponderá á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscripción a unha área determinada dunha concreta materia.

TERCEIRO.- Delegar na concelleira, dona Belén Chao Ramil a Área de Benestar Social, Muller e Igualdade.

CUARTO.- Delegar na concelleira, dona Cristina Franco Pardo a Área de Educación, Cultura e Patrimonio.

QUINTO.- Delegar no concelleiro don Mario Rouco Rey, a Área de Medio Rural e Medio Ambiente, Novas Tecnoloxías e Deporte.

SEXTO.- A Área de Presidencia, Promoción Económica, Obras e Urbanismo, Vivenda, Persoal, Facenda e Mobilidade e Srvizos Municipais é asumida polo Alcalde-Presidente do Concello de Muras, don Manuel Requeijo Arnejo.

SÉTIMO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa

publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

OITAVO.- A presente resolución será efectiva dende o 1 de xullo de 2019.

NOVENO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 4 de xullo de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018)

R. 2287

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 2/07/2019, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **XUÑO** de 2019, polo importe total de **2.219,16 €**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de xullo de 2019.- O Alcalde, Jose Luis López López.

R. 2288

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2019, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 2º TRIMESTRE DE 2019**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de agosto de 2019 ó día 30 de setembro de 2019, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 12 de xullo de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 2289

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D^a MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado do Social nº 003 de LUGO, FAGO SABER:

Que no procedemento deste Xulgado do Social, seguidos a instancia de MUTUA ASEPEYO contra a empresa HDI LOGISTIC SLU, sobre reintegro de cantidade, ditouse sentenza en data 28 de xuño de 2019, cuxa parte dispositiva se adxunta: "**DECISIÓN.-Acollo parcialmente a demanda formulada por ASEPEYO contra HDI LOGISTIC, SLU e o INSS/TXSS de tal xeito que condeno:Declaro a responsabilidade directa HDI LOGISTIC, SLU no abono de 17697,21 euros a ASEPEYO.-Da anterior cantidade, o importe de 15878,91 euros será aboadado polo INSS/TXSS de xeito subsidiario en caso de insolvencia de HDI LOGISTIC, SLU.-Esta resolución seralles notificada ás partes, indicándoselles que poden formular un *recurso de suplicación* ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, recurso que, de ser o caso, deberán anunciar ante este mesmo Xulgado mediante unha comparecencia ou por escrito no prazo dos cinco días hábiles seguintes ó da notificación da resolución e depositando as cantidades previstas legalmente na conta do Xulgado, indicando o número de autos.-De non se anunciaren o recurso contra a resolución, deberán archivarase as actuacións, logo de dalas de baixa no libro correspondente.-Así o acordo, decido e asino.-DALILA DOPAZO BLANCO, maxistrada do Xulgado do Social núm. 3 de Lugo.Rubricado".**

E para que sirva de notificación en legal forma a **HDI LOGISTIC SLU**, en ignorado paradoiro, expido a presente para a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia de **Lugo**.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións faranse fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da Oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

LUGO, a quince de xullo de dous mil dezanove.- **A LETRADA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**

R. 2290